



Programa de
inclusión social



De 3 a 4 meses
de duración



Para a mocidade
de 18 a 30 anos



XUNTA
DE GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

QUE É?

O programa Galicia Moza con ALMA é un **programa de inclusión social da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude** dirixido ás **persoas mozas** máis desfavorecidas que tenen **dificultades para acceder ao traballo ou a formación** por diversos motivos, tanto individuais como estruturais.

O obxectivo deste programa é outorgar **ferramentas ás persoas mozas inscritas no SNGX para que se integren na sociedade**, accedendo a un emprego ou a unha formación.

Galicia Moza con Alma **ofrece ás persoas mozas:**

- unha formación personalizada en habilidades e competencias para o emprego;
- prácticas formativas non laborais, titorizadas, de 3 a 4 meses nun país da UE,
- e ao seu regreso, o apoio continuado para empregar as novas capacidades adquiridas na busca de emprego ou para seguir estudando.



QUE INCLÚE?



A través do programa Galicia Moza con ALMA financiaranse proxectos de entidades privadas sen ánimo de lucro baixo os seguintes parámetros:

O programa consta de **tres fases que deben ser consecutivas**:

1 —————→

FASE DE ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN EN GALICIA:

Inclúe a preparación socio-lingüística e intercultural así como a organización e preparación da mobilidade das persoas participantes.

Duración mínima de 75 horas e unha duración máxima dun mes.

2 —————→

FASE DE MOBILIDADE NUN PAÍS MEMBRO DA UE

Realización de prácticas formativas non laborais en empresas, entidades ou institucións de países da Unión Europea e seguimento durante a súa realización; titORIZACIÓN das prácticas e realización de itinerarios personalizados de inserción das persoas mozas participantes.

Duración de 3 a 4 meses consecutivos.

3

FASE DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

UNHA VEZ QUE REGRESAN A GALICIA.

Duración mínima de 20 horas lectivas e máximo 1 mes.

Desenvolverase un plan formativo complementario en habilidades e competencias para o emprego e realizarase unha avaliación final na que se valore o progreso e o resultado da participación de cada persoa moza participante.



Un máximo de **5 persoas** mozas por proxecto



Persoa titora encargada do **seguimento** da formación e das prácticas formativas non laborais durante todo o programa



Impartición dun **módulo formativo** de igualdade de xénero



Inscripción no Servizo Público de Emprego de Galicia daquelas persoas mozas participantes que non acaden a **inserción laboral** e posibilidade de participación nun plan de acción titorizado por unha persoa orientadora do Servizo Público de Emprego de Galicia.

PARA QUEN É?



As persoas destinatarias finais son as persoas mozas que formen parte de cada un dos programas subvencionados no marco de Galicia Moza con ALMA e deberán **cumprir os seguintes requisitos** á data na que se realice a súa selección pola entidade beneficiaria da subvención:

18 - 30 ANOS

Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do SNGX (30 anos).

RESIDENCIA EN GALICIA

Estar empadroadas na Comunidade Autónoma de Galicia cunha antigüidade mínima dun ano.

GARANTÍA XUVENIL

Estar inscritas no SNGX e figurar como beneficiarias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Atoparse nalgunha das situacións de vulnerabilidade descritas a continuación, podendo acreditar a pertenza como mínimo a un dos seguintes colectivos:

- **Persoas mozas con baixo nivel formativo.**
- **Persoas mozas desempregadas de longa duración.**
- **Persoas mozas empadroadas nun concello rural.**
- **Persoas mozas que estean en situación ou risco de exclusión social** conforme ao establecido no artigo 3.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

QUEN PODE SOLICITAR?

Poderán ser beneficiarias desta convocatoria as **entidades privadas sen ánimo de lucro** legalmente constituídas, domiciliadas en Galicia ou nun territorio membro da Unión Europea ou asociado ao Espazo Económico Europeo, **que desenvolvan a súa actividade en Galicia no eido da mocidade e/ou do emprego**, e cumpran os requisitos establecidos na convocatoria e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CANDO SE PODE SOLICITAR?

O prazo de presentación de solicitudes abrangue **desde o día 29 de xaneiro ata o día 2 de marzo de 2026**.



ORZAMENTO

600.000 €

TOTAL INVESTIMENTO
GALICIA MOZA CON ALMA

Custo básico: 116,19 € por persoa participante e por día. Máximo 180 días.

Suplemento diario adicional de 21,59 € por persoa participante e día cando as persoas mozas participantes se despracen a un Estado membro cun maior custo de vida. Máximo 120 días.

Na fase de mobilidade, e a fin de garantir un nivel de vida digno e certa autonomía financeira, as persoas mozas participantes recibirán un **suplemento diario en concepto de axuda de custo**. Máximo 120 días.

O importe do módulo diario, tanto do custo base como dos suplemento determinanse en base aos módulos de custos unitarios e de financiamento non vinculado a custos previstos no Regulamento delegado (UE) 2022/2175 da Comisión, do 5 de agosto de 2022.

O período subvencionable será desde o día seguinte ao da publicación das bases reguladoras ata o 15 de decembro de 2026.

Estas axudas estarán cofinanciadas nunha porcentaxe do 95% pola Unión Europea, no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 dentro do Obxectivo político 4. "Unha Europa máis social e inclusiva mediante a aplicación do pilar europeo de dereitos sociais"; Prioridade 6. "Accións sociais innovadoras"; Obxectivo Específico ESO4.1. e Medida 6.A.01. "Prácticas formativas en países europeos. Iniciativa ALMA".



XUNTA
DE GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos